

PROGRAMACIÓN DE ORATORIA

1º e 2º ESO

CURSO 2021-22

CPI PADRENDA-CRESPOS

ÍNDICE

		PÁXINA
1	Índice paxinado.	2
2	Introdución e contextualización	2
3	Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.	4
4	Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.	11
5	Procedemento para a avaliación inicial	14
6	Procedementos de avaliación continua	14
7	Procedemento de avaliación extraordinaria	15
8	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes	15
9	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	16
10	Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.	17

Esta programación para o curso 2021/22 realizarase no contexto excepcional da COVID, tendo en conta a inestabilidade da situación e observando sempre o esixido por protocolos e normas, tanto as que nos poida ditar a Consellería de Educación como a de Sanidade. Teranse en consideración as especiais circunstancias que afecten o centro e a comunidade educativa, polo que a presente programación se poderá ver afectada por cambios, ocasionados por circunstancias sobrevidas. Esta materia de libre configuración ten como cometido que tanto o alumnado que ve esta materia por primeira vez (1º ESO) como o que continúa con esta formación (2º ESO) que o e a estudante comprenda a necesidade que o ser humano ten de manexar a arte de falar en público, destreza que en moitas ocasións contribuíu a transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre á oratoria, pois é a que dispón de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. Nunca coma hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca coma hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Pola contra, xamais a oratoria estivo tan pouco presente como disciplina e materia de estudo na vida académica. Esta materia pretende contribuír a equilibrar tal situación. Empregar a palabra perante o público é unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas nas que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións, etc. Todas estas situacións ampliaron o seu alcance grazas a internet e aos medios de comunicación: a oratoria xa non está limitada a determinadas responsabilidades ou profesións, senón que calquera persoa pode comunicarse oralmente ante unha audiencia global só cunha conexión á rede. Xa que logo, necesitamos aprender a falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

A oratoria, **a arte de falar**, é inseparable da retórica, a arte de persuadir. Oratoria e retórica presidiron durante séculos a estrutura educativa occidental e constituíronse como disciplinas cunha decidida vocación práctica: influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra. É importante recoñecer a finalidade práctica destas disciplinas, pois a principal acusación que historicamente recaeu sobre elas é que proporcionan artificios e estratagemas para influír mediante a invención de interesadas aparencias de verdade. A didáctica da oratoria debe partir dunha base ética sólida: o lexítimo dereito a influír debe asentarse na honestidade, na procura ou na construción compartida da verdade e no diálogo democrático. O traballo coa oratoria implica, de maneira case inevitable e aínda que sexa nun nivel básico, unha reflexión ética sobre os fins que nos propomos os seres humanos e os medios dos que nos valem para os conseguir, unha valoración das perspectivas coas que nos achegamos a un tema de discusión e unha toma de conciencia respecto á subordinación das ideas e dos intereses propios ao concepto da verdade, aos valores democráticos e aos dereitos fundamentais.

É, por iso que esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias sociais e cívicas, pois a oratoria carece de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autoconhecimento e a autoestima.

A docente de Lingua Galega e Literatura, Raquel González Caamaño, será a encargada de impartir esta materia a un grupo de 1º da ESO e outro de 2º ESO do CPI Padrenda-Crespos, formado por 06 rapaces e rapazas no primeiro dos casos e por 12 no segundo. Trátase de grupos non homoxéneos, con alumnado con necesidades especiais e/ou dificultades á hora de expor unha opinión en público. O enfoque da materia será eminentemente práctico, propondo a profesora dinámicas e actividades que fomenten o razoamento crítico e a exposición ordenada de conclusións, a formulación de situacións complexas e problemas e o artellamento de discursos disuasorios.

Non se seguirá polo miúdo ningún libro de texto, senón que se fará unha recompilación de materiais que se irán axustando ás necesidades e progresos do alumnado. Na rede pódese atopar abondoso material audiovisual ou textual que servirá perfectamente para o desenvolvemento das sesións. Así e todo, será de apoio para a docente o manual de Manuel Antón Mosteiro García (Ed. Xerais) para certas cuestións teóricas e prácticas.

3.- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias.

Salvando o maior grao de esixencia e complexidade das actividades e contidos teóricos propostos para 2º ESO, os obxectivos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias son para 1º e 2º ESO:

Oratoria. 1º de ESO

1ª Avaluación

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
h i	B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.	B1.1 B1.2	ORB 1.1.1 ORB 1.1.2 ORB 1.2.1 ORB 1.2.2	Identifica nos textos escritos e orais os argumentos principais e a tese. Explica a intención do discurso.	CCL CAA	CL EOE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación ▪ Proba escrita. 	Proba escrita (Lectura con preguntas sobre o texto, exame de escoita con preguntas escritas): 40%. (4 puntos /10)
	B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto.	B2.1.						Observación: 10% (1 punto/ 10)
	B1.3. Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.	B2.3	ORB 2.1.1 ORB 2.2.2	Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido	CCL AA CSIEE	EOE E	Observación	Observación nas prácticas e clases: 10% (1 punto/ 10)
	B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade. B2.3. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. B3.1. Memorización do discurso. Regras mnemotécnicas. B3.3. Xestión emocional para falar	B3.1 B3.3 B4.3	ORB3.2.1 ORB3.3.1	Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. Realiza unha exposición na	CCL CAA	EOE E	Proba oral.	Proba oral (exposición ou debate): 30% (3 punto/

Oratoria. 1º de ESO

1ª Avaliación

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
	en público (entusiasmo, confianza e seguridade).			que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.				10)
	B4.3. Representación das habilidades persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade		ORB4.3.2	Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.	CCL CAA CSC	EOE CL EC	Observación	Observación do traballo de clase.: 10%. (1 puntos /10) Observación global : 30% TOTAL: 100 %

Oratoria. 1º de ESO

2ª Avaliación

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
h i	B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención	B1.1 B1.2 B1.3	ORB1.1.3 ORB1.1.4	Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. Identifica as estratexias para	CCL CAA	CL EOE	Observación Proba escrita.	Proba escrita (Lectura con preguntas sobre o

Oratoria. 1º de ESO

2ª Avaluación

Obx.

	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
<p>comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.</p> <p>B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto.</p> <p>B1.3. Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.</p> <p>B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade.</p> <p>B2.2. Adaptación do discurso ao contexto.</p> <p>B2.3. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.</p> <p>B3.2. Interiorización do discurso.</p> <p>B3.5. Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</p> <p>B4.2. Oratoria para a</p>	B2.1.		captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.				texto, exame de escoita con preguntas escritas) : 40%. (4 puntos/10)
	B2.3						Observación: 10% (1 punto/10)
	B3.2 B3.5	ORB 2.1.1 ORB 2.2.3	ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón	CCL AA CSIEE	EOE E	Observación	Observación nas prácticas e clasel: 10% (1 punto/10)
	B4.2	ORB3.2.1 ORB3.5.3	Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.	CCL CAA	EOE E	Proba oral.	Proba oral (exposición ou debate) : 30% (3 puntos/10)
		ORB4.2.	Presenta	CCL	EOE	Observación	Observación

Oratoria. 1º de ESO

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
------	----------	-------------------------	---------------------------	--------------------	------------------------	----------------------------	----------------------------

2ª Avaliación

Grao mínimo de consecución

	participación activa na democracia.		1 ORB4.2.2.	proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.	CAA CSC	CL EC	ón	ción do traballo de clase.: 10%. (1 puntos /10) Observación global : 30% TOTAL: 100% Puntuaci
--	-------------------------------------	--	--------------------	--	------------	----------	----	--

Oratoria. 1º de ESO

3ª Avaliación

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
h i	B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas. B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa.	B1.1 B1.2 B1.3 B2.4.	ORB1.1.5 ORB1.1.6	Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.	CCL CAA CDIG	CL EOE TIC	Observación Proba escrita.	Proba escrita (Lectura con preguntas sobre o texto, exame de escoita con preguntas escritas) : 40%. (4 puntos/10) Observación: 10% (1

Oratoria. 1º de ESO

3ª Avaluación

Obj	Contidos	Criterios de avaluación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaluación	Criterios de cualificación
e f h	Estrutura do texto.	B2.5						punto/10)
	B2.9. Xestión da información.	B3.2	ORB 2.4 ORB 2.5	Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.	CCL AA CSIEE CDIG	EOE E TIC	Observación	Observación nas prácticas e clase: 10% (1 punto/10)
	B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.).	B3.5		Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.				
	B3.6. Kinésica: comunicación corporal. Tics. B3.7. Proxémica: espazo escénico. B3.8. Naturalidade fronte a artificiosidade. B3.9. Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.	B4.1	ORB3.6.1 ORB3.6.2 ORB3.7.1	Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	CCL CAA CDIG	EOE E TIC	Proba oral.	Proba oral (exposición ou debate) : 30% (3 punto/10)
B4.1. Oratoria para a construción da veracidade do discurso.		ORB4.1.1. ORB4.3.3	Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de	CCL CAA CSC	EOE CL EC	Observación	Observación do traballo de clase.: 10%. (1	

Oratoria. 1º de ESO

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
------	----------	-------------------------	---------------------------	--------------------	------------------------	----------------------------	----------------------------

3ª Avaliación

Grao mínimo de consecución

				<p>maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.</p> <p>Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.</p>			<p>puntos/10)</p> <p>Oral ou</p> <p>: debate 40%</p> <p>TOTAL: 100%</p> <p>Puntuación sobre 10.</p>
--	--	--	--	---	--	--	---

As cualificacións e porcentaxes das gráficas anteriores quedan finalmente do seguinte xeito:

Avaliando sobre 10. Temos 4 puntos para as probas escritas, outros 4 para exposicións orais e debates e 2 puntos para o traballo individual na aula. **En 1º ESO tócanse de xeito máis superficial algún contidos pero así e todo, á parte de incidir naquelas características que debe ter un bo orador ou oradora, e traballar os textos, terase moito en conta a oralidade, para que se acostumen a falar diante dun público e lles axude nas outras materias e exposicións que farán en cursos vindeiros.**

4.- Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

4.1.- Metodoloxía didáctica

PRESENCIAL

O traballo na aula será fundamentalmente práctico. Os contidos conceptuais son pouco adecuados para o alumnado tan novo, por iso esta materia se baseará na práctica de actividades que lle permitan ao alumnado ir recoñecendo as rutinas e estratexias máis convenientes para acadar o seu obxectivo: convencer os demais mediante a argumentación.

Falar en público é moi difícil. Debemos crear un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión oral. A aprendizaxe e o traballo deben ser colaborativos, o traballo en grupo aumenta a confianza e permite a autoavaliación e a coavaliación.

As presentacións deben ser gravadas en vídeo e audio, para que o alumnado se poida ver e avaliar; deste xeito será máis doado corrixir defectos e encontrar novas estratexias de comunicación.

A metodoloxía de traballo estará sempre orientada á acción, á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes e á creación dun produto real (un concurso de debate, a organización de conferencias ou presentación, xogos de roles etc.), é a máis adecuada para mobilizar todos os elementos curriculares da materia.

NON PRESENCIAL

Farase a través da aula virtual do noso centro ou con envío a un correo electrónico creado *ex profeso*, mediante a cal o alumnado irá entregando as actividades e interaccións. Iranse colgando neste contorno virtual materiais: vídeos, apuntamentos teóricos, esquemas e diferentes actividades que deberán ir facendo e que se lles corrixirán e avaliarán.

4.2 Materiais e recursos didácticos

PRESENCIAL

Como xa dixemos anteriormente, o alumnado non necesita libro de texto, mais a docente si botará man do manual anteriormente mencionado. Empregaranse moitos materiais recollidos de libros de oratoria, ensaios de diversas fontes, vídeos aloxados na rede Internet, algunha película, textos breves que ilustren os usos lingüísticos propios da oratoria, e os elementos gráficos que permitan ilustrar os recursos paralingüísticos máis relevantes.

De cando en vez utilizaremos unha cámara de vídeo para gravar as presentacións feitas polo alumnado. Estas gravacións servirán para corrixir defectos, buscar formas de mellorar algúns aspectos e, sobre todo, para que o alumno e alumna teñan unha visión obxectiva da súa actuación. Empregaranse, ademais, rúbricas de avaliación do seguinte tipo, segundo a dificultade e a actividade para avaliar, que se superara obtendo como positivos a metade dos ítems):

RÚBRICA PARA A EXPOSICIÓN ORAL, XESTOS E ACTITUDE:

O/A orador/a sitúase diante da audiencia, sen darlle as costas	
Consulta o esquema, pero non le directamente nin acode a el con frecuencia	
Dirixe a mirada cara a todo o auditorio	
Mostra unha postura corporal espontánea, natural e apropiada: nin ríxida, nin nerviosa (non deixa de moverse).	

--	--

Selecciona un ton de voz adecuado para proxechar, nin moi alto nin baixo e non nervioso	
Non utiliza muletillas nin repite palabras de maneira innecesaria	

MATERIAIS E RECURSOS

O grupo presentou o borrador do gui3n ao profesor na data acordada	
O gui3n segue as normas gramaticais e ortogr3ficas fixadas pola RAG, as3 como as tres propiedades textuais de coherencia, cohesi3n e adecuaci3n necesarias	
Os contidos est3n tratados con profundidade, segundo o tema proposto	
Figuran, de maneira visible, os datos b3sicos do grupo e de seus integrantes no gui3n	
O gui3n est3 escrito cunha letra lexible, garda as marxes e normas de presentaci3n	

DISCURSO ORAL

O orador saudou adecuadamente o auditorio	
O orador pres3ntase debidamente ante o auditorio	
O orador anuncia os temas que tratar3 a continuaci3n na introduci3n	
O orador desp3dese adecuadamente	
O discurso oral axustouse ao tempo fixado polo profesor	

ESCRITA E OUTROS

ORB1.1.2. Explica a intención do discurso. CCL	
ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. CCL, CAA	
ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais. CCL	
ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. CCL	
ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe. CCL	
ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese. CCL	
ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa. CCL	
ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón. CCL, CAA	
ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. CCL	
ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo. CCL	
ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva. CCL	
ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. CCL, CSC	
ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido. CCL, CSC	
ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. CCL, CAA	
ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. CCL	
3.2 . Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso	
ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. CCL,CD,CAA	
ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. CCL,CMCCT,CD,CAA.	
. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. CCL, CMCCT,C A	
ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. CCL	
ganiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discu	
ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. CCL, CAA	
ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. CCL,CAA,CCEC	
ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. CCL, CAA	
ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica. CCL,CD,CAA	
ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto. CCL,CMCCT,CAA	
ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. CCL,CAA,CSIEE	
ha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. C	
4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público.	
ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas. CCL,CSC	
ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. CCL	
ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade. CCL,CAA	
B3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. CCL,C	
mprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuado	
ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. CCL	
ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais. CCL,CD,CAA,CCEC	
urso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razo	
ORB4.1.2. Identifica as estratexias que terxiversan a información. CAA,CSC	
ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. CSC,CSIEE	
ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos. CSC,CSIEE	
ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso. CSC	
ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. CAA, CSIEE	
ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. CAA ,CSC,CSIEE	

--	--	--

NON PRESENCIAL: o traballo farase a través da aula virtual do centro con propostas teóricas e prácticas que eles enviarán a través dese espazo virtual ou incluso por correo electrónico previamente facilitado. Se houberse recluído en domicilio terase en conta o traballo para os resultados da presencial. Na non presencial farase fincapé nas aprendizaxes imprescindibles e na avaliación das actividades puntuables que se propoñan. As porcentaxes, partindo dun 10, serán un 50% para a parte de EXAME escrito preferentemente, e outro 50% para ACTIVIDADES (entregadas en tempo e forma). Se non fose posible facer algunha ACTIVIDADE ORAL AVALIABLE porque eles non tivesen opción de gravárense poderase substituír por unha escrita.

5.- Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial servirá para comprobar as habilidades innatas do alumnado. Non se trata de ver se manexan recursos retóricos ou teñen coñecementos previos sobre a materia. A avaliación inicial permitiranos saber como responde o alumnado á hora de recoñecer a estrutura dun texto, como se defende cando ten que falar en público e a súa habilidade para argumentar.

Utilizaremos dúas probas, unha escrita, na que despois de ler un texto breve deberán escribir un título, mencionar dúas ou tres ideas que resuman o texto e expresar a súa opinión sobre o asunto tratado no texto. Outra proba será oral. Neste caso os alumnos recibirán unha tarxeta na que aparece un tema ou tópico que teñen que defender ou atacar. Nesta proba valorarase tanto a habilidade lingüística coma a paralingüística.

6.- Procedemento de avaliación progresiva

PRESENCIAL

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para introducir, no proceso educativo, cantas sexan precisas se a situación o require.

Se asumimos que as competencias básicas supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación e, nesas situacións, o normal é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) e que responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que persigamos á hora de avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da **avaliación sumativa**, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a **inicial** (non clasificada) e a final e, sobre todo, progresiva ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso da avaliación **formativa** serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as *produccións* para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e auto-avaliación entre outros. E a avaliación **sumativa**, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (a final de curso, se o alumno non recupérase ningunha, e extraordinaria, no caso de obter unha cualificación insuficiente na

ordinaria de xuño). En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidamos adaptarnos á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A observación diaria do traballo e da actitude do alumno permiten establecer o grao de mellora durante o curso. Se o alumno acadara os contidos mínimos en cada estándar e obtén unha avaliación continua positiva, pode e debe recibir un aprobado.

A avaliación sumativa de cada trimestre contará con dúas probas, unha oral e outra escrita, que representan o 80% da nota de avaliación, un 40% para cada unha. Un 20% para observación na aula do traballo individual.

Na proba oral os alumnos terán que facer unha argumentación oral a favor ou en contra dalgún tema, utilizando os recursos aprendidos. As presentacións serán breves (4 minutos aproximadamente) e faranse diante de todo o grupo. O resto dos alumnos recibirá unha ficha para avaliar a presentación do seu compañeiro e engadir suxestións.

Na proba escrita o alumnado contestará cuestións teóricas e/ou terá que facer o comentario dun texto seguindo pautas moi claras. Non se trata dun comentario de texto tan detallado como o que se faría nunha clase de lingua. Os alumnos deben analizar a estrutura, os recursos lingüísticos, a forma e o tipo textual para ver como se relacionan e ver a finalidade do texto obxecto de comentario. Se un alumno copia recibirá un cero nesa proba e, de entendela así a docente, pode pedírselle que repita o exame cando a profesora o estime. Ás probas hai que asistir no día e hora, salvo causa debidamente xustificada.

Non querer traballar, crear disrupcións na aula, rirse dos compañeiros ou compañeiras cando expoñen ou tomar a xogo as cualificacións que eles van facer, amosar desinterese na materia...serán elementos que incidirán negativamente na nota.

A nota final de xuño será a media das tres avaliacións ou a da terceira se beneficia ao alumno e se o merece, ao igual ca os redondeos despois de obter o 5. Se non logran unha puntuación positiva irán a un exame final que se puntuará sobre 10 (5 para a parte escrita e 5 para a oral).

NON PRESENCIAL

Como xa se indicou ao falar das materias e recursos a avaliación non presencial farase a partir do que se lles colgue na aula virtual do centro. Puntuando sobre 10, supérase a materia cun 5. Por un lado faremos un EXAME por avaliación que valerá 5 puntos e os outros 5 saírán das ACTIVIDADES que se lles fosen propoñendo e entregando en tempo e forma. Un 50% para exame e o outro 50% para as actividades. Se se copiou, non está feita polo alumno, non se entregou ou entregouse fóra de prazo sen xustificación, valorarase como cero. Neste caso dividirase entre o número de actividades que había que ter entregadas e porase como nota a resultante. Se teñen problemas con reenviar as actividades a través da aula virtual poderano facer a un correo electrónico que se lles facilitará.

7.- Procedemento de avaliación extraordinaria.

Para aqueles alumnos que nas probas do curso non acadaron os niveis mínimos haberá probas extraordinarias.

No mes de xuño, unha vez realizados os exames da 3ª avaliación, os alumnos que non superaron o curso pero que teñen unha **avaliación formativa** positiva terán a oportunidade de facer unha proba na que se avalíe a consecución dos distintos estándares para intentar superar o grao mínimo de consecución.

Os alumnos que non superaron a avaliación sumativa e teñan unha avaliación formativa negativa, terán que facer unha proba escrita en xuño (convocatoria extraordinaria).

A proba extraordinaria de xuño basearase na avaliación das competencias clave. Os alumnos deberán acadar un cinco sobre dez para poder superar a materia.

NON PRESENCIAL

De non poderen facer a proba na aula farana a través da aula virtual ou enviaráselles ao correo, segundo se decida dende a Xefatura de Estudos. Será unha combinación ao 50% dunha proba escrita e outra oral, de ser posible, e, se non o fose, limitarase a unha escrita puntuada sobre 10.

8.- Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes

O alumnado que non supere o curso nas probas ordinarias nin nas extraordinarias terá que volver presentarse a unhas probas durante o curso seguinte: realizará un traballo previamente consensuado tanto na 1ª coma na 2ª avaliación, puntuado sobre 10, que será aprobado cun 5 ou máis puntuación. Se non o lograr, concorrerá a un exame de pendentes.

O alumnado coa materia pendente recibirá reforzo en forma de fichas e pequenas titorías. Neste curso 2021/22, só un alumno ten a materia pendente.

9.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Os procesos de avaliación teñen por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos mesmos de ensino. A información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores dispoña de información relevante co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións respecto diso.

Para iso, será necesario contrastar a información fornecida pola avaliación continua dos alumnos coas intencións educativas que se pretenden e co plan de acción para levalas a cabo. Avalíase, xa que logo, a programación do proceso de ensino e a intervención do docente como animador deste proceso, os recursos utilizados, os espazos, os tempos previstos, a agrupación de alumnos, os criterios e instrumentos de avaliación, a coordinación... É dicir, avalíase todo aquilo que se circunscribe ao ámbito do proceso de ensinoaprendizaxe.

Os aspectos máis significativos no desta avaliación son:

- 1) A práctica docente no contexto da aula.
- 2) O deseño e desenvolvemento das unidades didácticas e a adecuación das adaptacións realizadas para grupos de alumnos concretos.
- 3) O ambiente da aula e todo aquilo que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe: organización, espazos e agrupamentos.
- 4) A actuación persoal de atención aos alumnos.
- 5) A coordinación con outros docentes que interveñan no mesmo grupo de alumnos.
- 6) A comunicación cos pais.

Utilizaremos as seguintes taboas para levar un rexistro da actividade docente:

	Actividades na aula.	1	2	3	4
1	Os alumnos e alumnas traballan...				
	-De forma individual				
	-En parellas				
	-En grupos reducidos				
	-En grupos grandes				
2	As tarefas que facemos son...				

	-Cerradas, dirixidas ou dos libros de texto.				
	-Abertas, baseadas en proxectos.				
	-Facilitan o traballo colaborativo				
3	Na metodoloxía que aplico...				
	-Utilizo ferramentas TIC.				
	-Propoño actividades que facilitan a autonomía.				
	-Uso as ideas do libro.				
4	Como paso as horas lectivas...				
	-Mandando calar.				
	-Explicando.				
	-Respondendo a preguntas, fomentando a participación.				
	-Observando				
	-Correxindo ós alumnos individualmente.				

Avaliación		1	2	3	4
1	Antes de ver una unidade...				
	-Explico en que consistirá a avaliación				
	-Informo sobre os contidos mínimos que teñen que acadar para superar a unidade				
	-Incido nos aspectos máis relevantes para a avaliación.				
	-Informo da data na que faremos a probas				
2	Utilizo diversos tipos de probas...				
	-Probas escritas e orais.				
	-Traballos individuais..				
	-Traballos en equipo.				
3	Cando remato a unidade evalúo o proceso de ensino...				
	-De maneira individual.				
	-Cos alumnos				

Programación		1	2	3	4
1	Consulta a programación durante o curso e fago as modificacións necesarias.				
2	O comenzo de cada unidade reviso a programación para adecuar a miña tarefa os obxectivos marcados.				
3	Informo os alumnos dos obxectivos, competencias e estándares de aprendizaxe.				
Diversidade.		1	2	3	4
1	Que fago para coñecer a composición da clase...				
	-Proba inicial.				
	-Ler informes de cursos anteriores.				
	-Ver resultados de avaliacións anteriores.				
	-Falar ca profesora do ciclo anterior.				
2	Teño en conta a diversidade...				
	-A hora de organizar a clase e crear os grupos.				
	-Na programación.				
	-Individualmente.				
3	Nas probas uso exercicios...				
	-De distintos niveis.				
	-De distintos tipos.				
4	Cando os alumnos se van quedando atrás...				
	-Preparo titorías en pequenos grupos.				
	-Preparo fichas adecuadas para que podan repasar.				

10.- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Desde unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados.

1. O primeiro deles convídanos, tras a súa planificación e previamente ao seu desenvolvemento e aplicación en unidades ou proxectos de traballo, a testear a inclusión, idoneidade e pertinencia de todos os elementos curriculares prescriptivos (ver exemplo de ficha de avaliación da programación didáctica).

2. O segundo momento alude á reorientación continua que a aplicación na aula da programación, pode achegar sobre os procesos de implementación. Instrumentos de avaliación como o caderno ou diario do profesor e o rexistro anecdótico, achegarán consideracións, xuízos, suxestións?, que logo serán obxecto dunha máis profunda reflexión ao final do proceso evaluador. As opinións do alumnado a través dos seus autoevaluacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino e aprendizaxe.

3. Por último, será ao final do proceso, tras a aplicación real da programación, cando teñamos unha perspectiva máis completa que se completará cos resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado. A conxunción dos tres momentos xera información fiable e válida suficiente para emitir xuízos de valor que dean soporte á función formativa da avaliación e permitan reconducir, tomar decisións e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

FICHA DE AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	
0= non se contempla 1= se contempla de forma parcial 2= ben 3= excelente	
OBXECTIVOS	
Inclúense os obxectivos xerais da materia e coa numeración establecida na orde de currículo Quedan conectados cos criterios de avaliación (CA) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo do curso	
COMPETENCIAS BÁSICAS	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expoñer a contribución da materia ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Presentanse desde a materia estratexias de animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para utilizar as TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos. Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentales e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense os CA da materia e coa numeración establecida na orde de currículo	

Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación dos CA do currículo Concepción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un dos CA indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos esixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	
Actividades de orientación e apoio encamiñadas á superación das probas extraordinarias	
Actividades de recuperación para os alumnos coa materia non superada en cursos anteriores e orientacións e apoios para lograr a devandita recuperación	
Información ás familias e ao alumnado dos CA, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	
METODOLOXÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo do aprendizaxe	
Relevancia da aplicación práctica do coñecemento, da súa funcionalidade e utilidade para adquirir novas aprendizaxes	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos e funcionais para o alumnado	
Exponse interrelacións entre os contidos da materia e entre contidos de diferentes materias	
Equilibrio entre o traballo persoal e a cooperativo	
Adaptación dos principios básicos do método científico incidindo en actividades que permitan expor e resolver problemas e a procura, selección e procesamiento da información Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
Materiais e recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto do alumnado	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coa unidades, temas ou proxectos nos que se van a traballar	
Medidas de atención a diversidade e inclusión das adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical: curso da etapa	
Actividades extraescolares e complementarias programadas polo Departamento	

Asdo.: Raquel González Caamaño

Xefa do Departamento de Lingua Galega e Literatura do CPI de Padrenda-Crespos (Ourense)

Padrenda, 27 de setembro de 2021